



Concello de Vigo  
Expte. 4166/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 21/2023

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2023

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

1. Declaración Institucional polo 25 de novembro, "Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres". Expte 12615-224.

#### PARTE DE CONTROL

2. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 23/10/2023 ao 19/11/2023. Expte. 1575/1102.
3. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 23/10/2023 ao 19/11/2023. Expte. 1576/1102.
4. Dar conta da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de Secretario/a de Administración municipal. Expte 42478/220.
5. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se designa representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A. Expte 993/1102.

#### **Mocións.**

6. Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa a adopción de medidas contra a violencia machista. Expte 4160-1101.
7. Moción do grupo municipal do Partido Popular con motivo da conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación de violencia contra as mulleres. Expte 4161-1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instándolle a Xunta de Galicia a dotación nos orzamentos de 2024 dunha partida específica para a implantación de gardas de 24 horas nos Xulgados de instrución de Vigo e dotación de medios persoais e materiais. Expte 4162-1101.



Copia do documento - Concello de Vigo 4225-1101	Data impresión: 08/02/2024 12:41 CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	Páxina 1 de 24
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

9. Moción do grupo municipal Socialista pola que se insta a Xunta de Galicia a consignar unha partida económica para a execución da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo. Expte 4163-1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista pola que se insta a Xunta de Galicia o apoio ao evento de nadal e Vigo coa convocatoria dun bono de incentivación económica. Expte 4164/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista pola que se esixe a Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de textos e materiais curriculares ao alumnado de escolaridade obrigatoria nun mínimo de 205 por alumno/a coma o Concello de Vigo. Expte 4165-1101.

## 8. Formulación de rogos.

## 9. Formulación de preguntas.

### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suarez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estevez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gomez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Barreiro, M.ª del Carmen  
López Font, Carlos  
Losada Alvarez, Abel Fermín  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, Mª Carmen

#### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta  
Garrido Valenzuela, Irene  
Gonzalez Abeijon, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, Mª Luisa

#### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martinez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

### NON ASISTE:

Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de novembro do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, Dª Carmen Silva Rego, e asistencia dos/as concelleiros/as Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias



Copia do documento - Concello de Vigo  
4225-1101

Data impresión: 08/02/2024 12:41

Páxina 2 de 24

CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e Sánchez Méndez, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina D<sup>a</sup> Elena Ares Salgado, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

## OBSERVACIÓNS

No desenvolvemento da sesión, no debate do punto 6, e unha vez finalizada a intervención da Concelleira do Grupo Municipal do PSOE, Dna. Ana Laura Iglesias González, un grupo de persoas que se atopan entre o público, interrompen o desenvolvemento da sesión mediante gritos dirixidos á Presidenta reclamando a actuación do Concello de Vigo como mediador na problemática entre as persoas traballadoras do servizo de transportes urbanos e a concesionaria VITRASA.

A Presidenta da sesión, máis de tres veces, chama á orde ao público asistente, co fin de proseguir co desenvolvemento da sesión. A pesar destas chamadas á orde, o público intervinde non cesa, polo que a Presidenta chama á orde tres veces máis, ata que, finalmente, esa parte do público abandona a sala de sesións de xeito voluntario.

Datos rexistrados e indicación dos momentos temporais segundo acta dixital:

00:18:13 : 6. Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa a adopción de medidas contra a violencia machista. Expte 4160-1101.  
00:18:34 - Martínez Piñeiro, Ana  
00:23:19 - Silva Rego, Carmen  
00:23:32 - Sanchez Mendez, Luisa María  
00:28:17 - Silva Rego, Carmen  
00:28:29 - Iglesias González, Ana Laura  
INTERRUPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN POLA INTERVENCIÓN DE VARIAS PERSOAS QUE SE ATOPAN ENTRE O PÚBLICO  
00:33:17 - Silva Rego, Carmen  
O PÚBLICO INTERVINTE CHAMADO Á ORDE, ABANDONA VOLUNTARIAMENTE A SALA.  
00:43:02 - Martínez Piñeiro, Ana  
00:46:48 - Silva Rego, Carmen  
00:50:11 - Votación [9:54:01]

## PARTE RESOLUTIVA

### **1.(205) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO, "DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES". EXPTE 12615-224.**

A Presidencia da conta da Declaración Institucional polo "Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres", e dalle a palabra en representación do Consello a D<sup>a</sup> Maria del Mar Ferrero Cuesta, da Asociación "Empresarias de Galicia", integrante do Consello Municipal da Muller, que literalmente di:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 3 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A Asemblea Xeral da ONU celebrada o 7 de febreiro de 2000 adoptou a Resolución 54/134 pola que designaba o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, coa que convidaba a gobernos de todo o mundo, así como a organizacións non gobernamentais e outras institucións, a que coordinasen actividades cada ano por esa data co fin de elevar a conciencia pública con respecto á eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres.

A Constitución española de 1978 consagra a igualdade real e efectiva, así como o dereito á vida, á integridade física e moral, e á liberdade:

Artigo 9.2: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Artigo 14: “Os españois son iguais #ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Artigo 15: “Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”.

Artigo 17: “Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén pode ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do establecido neste artigo e nos casos e na forma previstos na lei”.

En iguais termos a Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, fixa na súa exposición de motivos que “A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna (...)”. Como desenvolvemento da mesma, a pioneira Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recoñece no seu preámbulo que “A violencia machista e os malos tratos formaron parte da vida cotiá de moitas mulleres ao longo do tempo. Mais esta violencia estaba normalizada e naturalizada, co que non tiña recoñecemento como tal, o que provocaba a súa invisibilidade e ocultamento. Grazas aos movementos de mulleres que a partir dos anos setenta comezaron a desenvolver de xeito colectivo e organizado accións en contra da violencia, esta comezou a ser percibida e a ter un certo impacto social. Como consecuencia desta acción foron os organismos internacionais os primeiros que tomaron conciencia da difícil situación na que se atopaban moitas mulleres e os que, por medio de diversas declaracións, deron visibilidade a unha eiva social agachada ata ese momento na privacidade dos fogares”. E no seu artigo 1 define a violencia de xénero como “calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada”, estendendo ademais esta consideración á denominada violencia vicaria que padecen as fillas, fillos ou persoas estreitamente relacionada con elas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 4 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Así mesmo, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 1, declara que: "As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal for a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria".

Lamentablemente, un ano máis reunímonos para condenar as violencias contra as mulleres. Desde 2003, son xa 1236 as mulleres asasinadas por unha parella ou exparella. Só entre xullo e setembro de 2023 foron asasinadas 25 mulleres.

As cifras seguen sendo horribles e poñen de manifesto a persistencia destas violencias sobre as mulleres sen diferenza de idade, condición ou estado civil. A violencia contra a muller é transversal, ocorre en todo tempo e en todo lugar.

De todos os xeitos, esas cifras tampouco reflicten completamente a realidade, pois non inclúen a aquelas que sofren violencia por parte de descoñecidos, sen relación afectiva, ou os asasinatos de mulleres vítimas de trátala de persoas, de nais, de irmás..., que se cometeron polo feito de ser mulleres.

A clave está en incorporar na educación ideas, desde a idade temperá, como a resolución de conflitos desde a serenidade, a empatía, a autoestima, a supresión de estereotipos patriarcais, que son formas para loitar contra as violencias machistas arraigadas aínda na sociedade.

Unímonos sen fisura á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, unha data crucial para reiterar a nosa vontade firme e compartida de actuar, desde xa, sobre os desafíos que afrontan as mulleres na nosa sociedade e reafirmar o noso compromiso inquebrantable coa erradicación de todas as formas de violencia contra as mulleres.

Hoxe lembramos a todas aquelas que sufriron violencia, a principiar polas vítimas de infames feminicidios, pero tamén das que padecen formas aparentemente máis sutís pero igualmente discriminatorias e que atinxen a práctica totalidade das facetas da nosa vida; manifestamos o noso apoio ás sobreviventes; e reafirmamos o noso compromiso colectivo para crear unha contorna na que todas as mulleres poidamos vivir libres e iguais.

Recoñecemos a importancia da sensibilización e a educación como ferramentas fundamentais para combater a violencia machista. Comprometémonos a seguir promovendo programas educativos e de sensibilización social que fomenten o respecto, a igualdade e a solidariedade, traballando da man coa comunidade para construír unha sociedade máis xusta e inclusiva.

Neste día, instamos á cidadanía de Vigo a que se una a nós na loita feminista contra todas as formas de violencia machista en contra das mulleres. A prevención e a concienciación son responsabilidades compartidas, e xuntas e xuntos podemos establecer a diferenza. É imperativo que todas e todos, traballemos unidas e unidos para construír unha sociedade na que as mulleres podamos vivir sen temor e con plena igualdade de dereitos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 5 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Ratificamos o noso compromiso de seguir traballando para que se implementen políticas públicas que promovan a igualdade, proporcionen recursos para o combate de todas as violencias machistas e brinden un apoio real ás vítimas e persigan de maneira implacable aos perpetradores da violencia machista. Só a través da acción colectiva e a colaboración podemos construír un futuro no que esa violencia contra as mulleres sexa unha atroz páxina do pasado.

Hoxe, no Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, reafirmamos a nosa determinación de traballar incansablemente para alcanzar unha sociedade efectivamente igualitaria na que todas as mulleres poidan vivir con liberdade, dignidade, seguridade e pleno exercicio dos seus dereitos.

Nin unha menos! Querémonos vivas, libres e iguais! “

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos membros presentes da Corporación.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **2.(206) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 23/10/2023 AO 19/11/2023. EXPTE. 1575/1102.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 23.10.23 ao 19.11.23) incluídas no expediente 1575/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **3.(207) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 23/10/2023 AO 19/11/2023. EXPTE. 1576/1102.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 23.10.23 ao 19.11.23) incluídas no expediente 1576/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **4.(208) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARIO/A DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. EXPTE 42478/220.**

ANTECEDENTES.- Dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 14.12.23, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 6 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## “ANTECEDENTES

I.- Por Resolución do 23/10/2023, da Sra. Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal adxudicouse o posto de “Secretario de Administración Municipal deste Concello de Vigo, publicado no BOE núm. 263 do 03/11/2023, sendo o adxudicatario D. J. Villan Fuertes, con DNI \*\*\*6456\*\*.

II. A toma de posesión efectuose o 04/12/2023 conforme ó disposto no art. 41 do R.d. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

III.- Asímesmo, o art. 42.3 de dito Real decreto establece o réxime retributivo, do seguinte tenor literal: “..En los casos de cese y toma de posesión a que se refiere este artículo, los funcionarios tendrán derecho a la totalidad de las retribuciones de carácter fijo. tanto básicas como complementarias. En el caso de que el término del plazo posesorio se produzca dentro del mismo mes en que se efectuó el cese, las retribuciones de periodicidad mensual del funcionario se harán efectivas por la Entidad Local que diligencia dicho cese, por mensualidad completa y de acuerdo con la situación y derechos del funcionario referidos al primer día hábil del mes en que se produce el cese. Si, por el contrario, dicho término recayera en mes distinto al del cese, las retribuciones del primer mes se harán efectivas de la forma indicada, y las del segundo se abonarán por la Entidad correspondiente al puesto de trabajo al que se accede, asimismo por mensualidad completa y en la cuantía correspondiente al puesto en que se ha tomado posesión. El pago del importe de la paga extraordinaria correspondiente será asumido por ambas Entidades Locales en proporción a los servicios prestados en cada una durante el periodo de devengo. “

IV.- O interesado aporta documentación ao obxecto de recoñecemento de antigüidade.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local,
- Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Real decreto legislativo 5/2015, do 3o de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, art. 74 e 75.

## FISCALIZACIÓN PREVIA

Considerando que o citado acto resulta susceptible de xerar obrigas económicas para o Concello de Vigo, o presente expediente será sometido á fiscalización previa do gasto da Intervención Xeral Municipal, conforme ao establecido no RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, e RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, incorporándose ao presente expte. informe de fiscalización de conformidade da Intervención Xeral de data 13/12/2023.

## REXIME COMPETENCIAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 7 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

De conformidade coas competencias por delegación da Excm. Alcaldía, efectuadas por Decretos de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023, e acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/23 correspóndelle a Sra. Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a súa resolución.

Á vista do exposto, propónse elevar ao órgano competente a presente

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

“Primeiro.- Adscribir a D. J. Villan Fuertes, con numero de persoal 85158, e DNI \*\*\*6456\*\*, ao posto 305, Secretario de Administración Municipal, no Servizo 110, dotación 1, Subgrupo A1 de titulación, empresa de cotización 6, Grupo Tarifa 1, cod. Contrato: 0, con efectos do 01/12/2023, debendo procederse ao abono de 10 trienios correspondentes ao Subgrupo A1, cumprindo o seguinte o 19 de setembro de 2026, de conformidade coa documentación aportada, así como do informe de fiscalización de conformidade da Intervención Xeral de data 13/12/2023.

Segundo.- Notificar a presente resolución o interesado, xefatura do Servizo, Intervención Xeral, Tesourería Municipal (nóminas), ao persoal técnico e persoal pertencente ao grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, e Comité de Persoal aos efectos procedentes.

Terceiro.-Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso.”

## ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 14.12.23.

### **5.(209) DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLO QUE SE DESIGNA REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE CIDADE UNIVERSITARIA, S.A. EXPTE 993/1102.**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, que di o que segue,

“9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA “SOCIEDADE CIDADE UNIVERSITARIA, SA “. EXPTE. 993/1102.

Dáse conta da proposta de data 24/07/2023, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 8 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 1999 adoptou, entre outros o acordo de "Participación do Concello na Sociedade "Cidade Universitaria, SA", promovida pola Universidade de Vigo.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar ao Concelleiro Delegado de Estudos e Análise Económico. D. Abel Losada Álvarez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Segundo.- Comunicar este acordo a Sociedade "Cidade Universitaria, SA" aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

## ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación deste acordo da Xunta de Goberno Local. O Pleno queda enterado.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## MOCIÓNS.

### **6.(210) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA. EXPTE 4160-1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4160/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 9 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

MOCIÓN  
"DE MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2023 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar a sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no noso país, no primeiro semestre de 2023, un total de 3454 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria.

Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

No ámbito local, cómpre que o Concello de Vigo siga avanzando no alargamento das políticas feministas e dedicando máis medios e recursos para converter a loita contra a violencia machista nunha verdadeira prioridade e para dar unha reposta axeitada e contundente ás violencias machistas na nosa cidade, convertendo o Concello no parapeto que as mulleres precisan para poder vivir libres e en paz.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 10 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 1 Expresar o rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado, malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir, así como o apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
- 2 Demandar á Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero no proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos, para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.
- 3 Demandar á Xunta de Galiza que incremente os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do lecer nocturno e impulsando no presente curso unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.
- 4 Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos Centros de Información ás Mulleres (CIM) a través das seguintes medidas:
  - 4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.
  - 4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM garantirá que o orzamento cubra non só os custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
  - 4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.
- 5 Instar ao Goberno municipal a destinar máis medios e recursos para o despregamento efectivo de políticas feministas no Concello de Vigo para loitar contra todas as violencias machistas, incluíndo:
  - 5.1 Aumentar substancialmente os recursos municipais dedicados a campañas de sensibilización contra as violencias machistas, con accións específicas e continuadas no ámbito escolar, máis alá da campaña anual do 25N.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 11 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 5.2 Posta en marcha dun programa específico para a mocidade, que inclúa accións de identificación e sensibilización en relación aos modelos tóxicos de masculinidade e as novas formas de violencia de control, violencia dixital e violencia sexual.
- 5.3 Actualización, coa participación do movemento feminista, do Plan Integral de Igualdade do Concello, que incorpore novas liñas de actuación no eixo referido ao combate das violencias machistas e aumento da súa dotación económica.
- 5.4 Creación dun Observatorio Municipal da Igualdade que, entre outros, se encargue de realizar e difundir periodicamente análises, estudos e diagnoses, cualitativas e cuantitativas, respecto das diferentes formas de violencia machista e da desigualdade e da súa evolución na nosa cidade.
- 5.5 Dotar de máis medios humanos e materiais o Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller, garantindo a súa apertura e atención por persoal especializado todos os días en horario de mañá e tarde, e poñer en marcha dous novos centros en Coia e Teis, para descentralizar e achegar os servizos a un maior número de mulleres.
- 5.6 Estudar a xestión directa da Casa das Mulleres a cargo de persoal municipal, aprovisionando das prazas necesarias na vindeira OEP de 2023.
- 5.7 Posta en marcha dun punto de atención itinerante dotado de persoal especializado para dar maior visibilidade aos recursos para apoiar as mulleres que sofren violencia machista, e levar a información e a atención aos puntos de maior afluencia de mulleres ao longo de todo o ano (mercados, centros de ensino, centros de saúde...).
- 5.8 Reforzar con máis medios humanos, materiais e orzamentarios os programas, recursos e servizos do Concello dedicados á atención, acollemento e apoio multidisciplinar das mulleres en situación de violencia de xénero.
- 5.9 Articular un protocolo específico de intervención por parte do Servizo de Axuda no Fogar diante de casos de violencia machista, máis alá da comunicación administrativa das situacións detectadas.
- 5.10 Realizar programas de formación en materia de igualdade para todo o persoal municipal e tamén o dos servizos municipais externalizados baixo xestión privada.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. N<sup>o</sup> 4160/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 12 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 7.(211) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES. EXPTE 4161-1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4161/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

“MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como cada 25 de novembro, conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Dita data foi instaurada por primeira vez fai 30 anos pola Organización das Nacións Unidas.

Este tipo de violencia é unha das violencias contra os dereitos humanos máis estendida do mundo actual, producindo cada día situacións dramáticas. Por iso, é necesario que toda a sociedade se implique, para previr esta violencia, identificala e recoñecer os seus sinais.

Todos os días debemos lembrarnos de todas as mulleres que a sofren directa ou indirectamente. Cómpre lembrar dunha maneira especial a todas é cada unha delas, en especial as vítimas galegas falecidas este ano por este drama.

A violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas, sociais e económicas sobre ás mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser integral e debe contar coa implicación do conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e coas administracións, sexan internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e por suposto locais.

Desde as administracións debemos seguir avanzando na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as diferentes formas de discriminación por razóns de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula ante o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Expresar o seu rexeitamento contra todo tipo de violencia contra as mulleres.
- 2.- Elaborar un estudio xurídico no ámbito das ordenanzas municipais para que teñan perspectiva de xénero.
- 3.- Promover campañas divulgativas contra a violencia de xénero, así como o establecemento de puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos.
- 4.- Incrementar a vixilancia por parte da Policía Local en colaboración con outras Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nos denominados puntos negros.
- 5.- Convocar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración ca Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 13 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.
- 2.- Seguir colaborando na formación do persoal municipal no ámbito da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.

Instar ao Goberno de España a:

- 1.- Dar cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións legislativas pendentes e adoptando as medidas recollidas neste pacto en materia de prevención, detección e atención integral.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4161/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **8.(212) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTÁNDOLLE A XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN NOS ORZAMENTOS DE 2024 DUNHA PARTIDA ESPECÍFICA PARA A IMPLANTACIÓN DE GARDAS DE 24 HORAS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DE VIGO E DOTACIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS. EXPTE 4162-1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4162/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cidades de Vigo e A Coruña contan con oito xulgados de instrucción e, polo tanto, cumpren co requisito previsto no Regulamento 1/2005, que no seu artigo 59.5 prevé que o *Consello Xeral do Poder Xudicial* poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 14 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Polo tanto, cumpridos todos os trámites legais establecidos (dende hai anos), é dicir o informe favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o informe favorable do órgano que ten a competencia para decidir, que é o Consello Xeral do Poder Xudicial e a aprobación por parte do Ministerio de Xustiza, a Xunta de Galicia alegou o 15 de xuño de 2022, que non hai necesidade de establecer este sistema y que o actual sistema é o axeitado, dado que volume de asuntos “non é sustancialmente alto”.

Nembargantes, cidades con menos de dez xulgados de instrución e cunha carga de traballo similar á de Vigo, como son Granada, Córdoba ou Alacante, sí contan con este sistema de gardas de 24 horas.

A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación histórica e unánime da cidade de Vigo, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución de Vigo dende hai máis de 10 anos.

O propio TSXG, a Fiscalía, os Letrados da Administración de Xustiza, as asociacións de xuíces, de avogados, de procuradores, organizacións sindicais se teñen pronunciado de forma reiterada a favor da medida en reiteradas ocasións.

Concretamente, o pasado 16 de xuño de 2022, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volveu a pronunciarse, unha vez máis, a favor da implantación deste tipo de gardas, xa que o Partido Xudicial de Vigo cumpre, con creces, os requisitos para a instauración deste tipo de gardas e supón, ademais, unha anomalía neste intre con respecto a cidades de tamaño semellante e con características de planta xudicial moi similares.

As Xuntas sectoriais de instrución do Partido Xudicial de Vigo e máis de A Coruña veñen de aprobar por unanimidade, unha vez máis, reclamar ao goberno autonómico a dotación deste servizo rotatorio de quendas que, como dicimos, conta co apoio unánime de todos os colectivos implicados na Administración de Xustiza.

Os membros da carreira xudicial sinalan que a posta por este sistema de gardas é “imprescindible para garantir un servizo público moderno, áxil e eficaz”.

Tamén, o Pleno da Corporación Municipal de Vigo tense pronunciado a favor en varias ocasións e aprobou por maioría, que non por unanimidade, lamentablemente, pola abstención do Partido Popular, unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista instando a implementación deste tipo de gardas. Moción na que se reiteraba o compromiso inquebrantable do Goberno de España para adoptar esta medida e de dotala nos Presupostos Xerais do Estado, como así ten sido nos orzamentos do Goberno de España para o 2022 e 2023.

O propio Alcalde de Vigo ten solicitado en reiteradas ocasións a implantación deste sistema de gardas, que contribuiría a mellorar a calidade da administración de xustiza, crear un servizo diario continuado para acudir aos xulgados en calquera momento a interpor unha denuncia, un sistema moito máis garantista para as persoas detidas e unha resposta inmediata nos casos de violencia de xénero.

Con esta medida, preténdese rematar cunha discriminación histórica e que se equipare a Vigo co resto das cidades do Estado, xa que o partido xudicial de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 15 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(xunto co de A Coruña) son os únicos de toda España con 8 xulgados de instrución que carecen deste sistema de gardas de 24 horas.

Este sistema permitiría facer fronte ao traballo cunha maior axilidade ao estar abertos os xulgados de garda as 24 horas, o que redundaría na mellora do servizo público de Xustiza en favor dos cidadáns e facilitaría a conciliación laboral e familiar dos traballadores e, ademais, un sistema moitísimo máis garantista coas persoas detidas.

O Goberno de España, cumprindo cos seus compromisos, volverá a dotar nos Orzamentos Xerais do Estado, unha partida para afrontar a instauración das gardas de 24 horas en Vigo, en tanto que a Xunta de Galicia segue a dar largas, despois de 10 anos de reivindicación, única e exclusivamente por un problema orzamentario, negándolle ao principal partido xudicial de Galicia o seu dereito, que redundaría ademais nun mellor servizo público e nun sistema máis garantista en dereitos.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a dotar nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024 dunha partida específica para a implantación coa máxima urxencia nos xulgados de instrución de Vigo das gardas de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, rematando con esta discriminación histórica con respecto ao resto de partidos xudiciais de similares características do Estado, que xa teñen implantado este sistema, que redunda en beneficio dos cidadáns e do servizo público que se presta.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia: No momento da votación atópase ausente a 1ª Tenente de Alcalde que presidía a sesión, pasando a presidir o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, así mesmo atópase tamén ausente o concelleiro, Sr. Aneiros Pereira.*

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4162/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## 9.(213) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLA QUE SE INSTA A XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR UNHA PARTIDA ECONÓMICA PARA A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 16 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## EXECUCIÓN DA AMPLIACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR EN VIGO. EXPTE 4163-1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4163/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, S. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“A cidade de Vigo vén sendo marxinada polo goberno da Xunta de Galicia durante os 14 anos das presidencias de Feijóo e de Rueda.

Todas as necesidades que se trasladan desde o goberno da cidade non son atendidas. Isto prodúcese en todas as áreas de goberno de Galicia, acumulando unha débeda histórica que xa foi denunciada e recoñecida por este Pleno en reiteradas ocasións.

Esta falta de atención, faise especial en materia de infraestruturas e de forma moi singular no relativo á construción da ampliación do túnel de Beiramar ata a Rúa Coruña.

A promesa do goberno do PP, na Xunta de Galicia, data de inicios deste século, dado que o DOG de 07/06/2010 publicaba a convocatoria dun concurso para a redacción de proxecto.

Esta actuación foi prometida polo goberno da Xunta en distintas épocas, certamente coincidentes con campañas electorais, sen que ata o momento se desenvolvese trece anos despois.

Neste período, outras cidades como Coruña víronse beneficiadas con 12 millóns para o túnel do Parrote, e co anuncio doutro proxecto para a fachada marítima, e coa propia Autoridade Portuaria de Vigo asináronse convenios para humanizacións, para carril-bici sen que o goberno de Galicia do PP cumprise o seu compromiso cunha infraestrutura tan importante e necesaria como a ampliación do túnel de Beiramar.

Reiteramos, como sempre, que aplaudimos as actuacións noutras cidades e unicamente solicitamos unha xusta equivalencia para as necesidades da cidade máis importante de Galicia.

Este proxecto é perfectamente compatible coa actividade portuaria e constitúe un apoio fundamental á política de mobilidade que vén desenvolvendo o goberno municipal e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

### ACORDO

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a consignar a partida económica correspondente para a execución da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo, tramo final do túnel actual ata a rúa Coruña.”
- 

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia: No momento da votación atópase ausente a 1ª Tenente de Alcalde o 2ª Tenente de Alcalde, pasando a presidir a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa*



Copia do documento - Concello de Vigo  
4225-1101

Data impresión: 08/02/2024 12:41

Páxina 17 de 24

CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*Mangana, así mesmo atópase tamén ausente o concelleiro, Sr. Aneiros Pereira e Sr. Losada Álvarez.*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijón, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4163/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**10.(214) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLA QUE SE INSTA A XUNTA DE GALICIA O APOIO AO EVENTO DE NADAL E VIGO COA CONVOCATORIA DUN BONO DE INCENTIVACIÓN ECONÓMICA. EXPTE 4164/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4164/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, S. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno da Xunta de Galicia ven, desde hai tempo, ofrecendo distintos programas de incentivación en materia de cultura, á mocidade e máis recentemente en apoio económico de viaxes e estancias coa intención de atraer turismo á nosa Comunidade Autónoma.

O programa para a xente moza, de toda España, que fan o Camiño de Santiago e o recente anuncio de colaboración nas viaxes en cruceiros para a mocidade e maiores, son unha boa proba da aposta de apoio económico por incentivar o turismo.

O fenómeno emerxente de turismo máis importante en Galicia constitúeo o Nadal de Vigo. As cifras de visitantes, o altísimo retorno económico que supón e a proxección que dá ao conxunto de Galicia, son absolutamente innegables.

A pesar da consolidación, ano tras ano, do Nadal de Vigo e do seu exponencial crecemento, a Xunta de Galicia non apoiou economicamente á cidade de Vigo para que este evento puidese crecer aínda máis.

Á vista das convocatorias que está a realizar o goberno da Xunta de Galicia, para incentivar economicamente o turismo, é de xustiza que dunha vez por todas o goberno de Alfonso Rueda oferte unha campaña de apoio ao Nadal de Vigo, da que se poidan beneficiar en toda España, para apoiar este evento que repercute favorablemente na imaxe da cidade e da Comunidade Autónoma, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 18 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ACORDO

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a que apoie o evento do Nadal de Vigo coa convocatoria dun bono de incentivación económica, para todos os cidadáns de España que acudan á cidade de Vigo na datas do Nadal, en condicións similares a outros proxectos de apoio que a Xunta de Galicia está a convocar, ademais de facer un orzamento acorde ao do Xacobeo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia: No momento da votación atópase ausente a 1ª Tenente de Alcalde o 2ª Tenente de Alcalde, pasando a presidir a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, así mesmo atópase tamén ausentes os concelleiros, Sr. Aneiros Pereiros e Sr. Losada Álvarez.*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra, tres membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, adóptase o seguinte,

## ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4164/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **11.(215) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLA QUE SE ESIXE A XUNTA DE GALICIA A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTOS E MATERIAIS CURRICULARES AO ALUMNADO DE ESCOLARIDADE OBRIGATORIA NUN MÍNIMO DE 205 POR ALUMNO/A COMA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE 4165-1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2023, número 4165/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

## MOCIÓN

“O inicio do curso escolar foi sempre un gasto extra e preocupante para as familias, pero volver ao cole nesta contorna actual de prezos disparados convértese nunha dura carga para moitos fogares que xa teñen problemas para afrontar os gastos ordinarios. Foi nos anos de goberno de Manuel Fraga, que se iniciou, en Galicia, un programa de préstamo de libros de texto que afectaba unicamente a un par de anos en Educación Primaria e cun calendario de implantación dunha lentitude exasperante.

No ano 2005, nada máis chegar Pérez Touriño á presidencia da Xunta de Galicia, ademais dun incremento substancial do orzamento destinado a Educación, abordouse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 19 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

a gratuidade dos libros de texto en todo o ensino obrigatorio e para a totalidade do alumnado. Un esforzo conxunto entre o goberno socialista, o profesorado e as familias que deu moi bos resultados.

No ano 2009, o Partido Popular gañaba as eleccións e Núñez Feijóo ocupaba a presidencia da Xunta de Galicia, e unha das primeiras medidas tomadas foi a supresión do programa de gratuidade dos libros de texto, substituíndoo por un sistema de axudas para a compra de libros bastante máis caro e atendendo só a unha parte do alumnado, e, o máis grave, en contra de todos os sectores educativos.

No contexto social e económico que vivimos é precisa unha aposta decidida polas familias e pola educación.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- Esixir da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e por tanto, da Xunta de Galicia, a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares para todo o alumnado en escolaridade obrigatoria, aplicando polo menos unha cantidade anual de 205 euros por alumno/a como fai este ano o Concello de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia: No momento da votación volve a presidir o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, e atópanse ausentes a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, e os concelleiros, Sr. Aneiros Pereira e o Sr Losada Álvarez.*

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font , Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra, tres dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4165/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

#### FORMULACIÓN DE ROGOS.

**12.(216)** Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que se deseñe e active un plan de conservación e protección do arboredo urbano para garantir o seu axeitado tratamento como elemento esencial para facer de Vigo unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 20 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

cidade máis sustentable, evitando o seu deterioro e perigosidade en situacións de alerta meteorolóxica, e impedir as tallas desproporcionadas que se están a levar a cabo en distintos barrios coma o acometido no bulevar da Avenida de Castelao, onde nunha superficie de 2500 m. cadrados, apenas deixáronse 3 exemplares en pé.

**13.(217)** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Que o concello medie no conflito laboral de CIPostal, empresa subcontratada pola concesionaria da recadación executiva, SCI, que levan sen cobrar as súas nóminas dende hai xa meses e coa práctica totalidade da plantilla de baixa por ansiedade, o que está a provocar que non se estean a notificar nos domicilios as multas da policía local, así como outras cuestións relacionadas co catastro e urbanismo.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**14.(218)** Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno municipal para garantir unha alternativa habitacional digna e estábel ás familias en situación de vulnerabilidade social desaloxadas de varios inmóbeis das rúas Afonso X e Fisterra, para alén do seu realoxo temporal e precarios, por poucas semanas, en hostais?

**15.(219)** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. ¿Pensa o alcalde de Vigo, ausente na sesión de hoxe, remitirle ao presidente do goberno de España, Pedro Sánchez, unha carta na que lle reclame as infraestruturas e investimentos que o executivo central lle debe a esta cidade, por importe de 4.100 euros, como sí fixo con Alberto Nuñez Feijóo e Alfonso Rueda na Xunta de Galicia?

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario novembro 2023  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Data Inicio: Luns, 27 de Novembro de 2023 09:04:05  
Data Fin : Luns, 27 de Novembro de 2023 11:41:56  
Duración : 02:37:51


- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3394](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3394)

- Media (MASTER)

-----  
[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.1 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/sEyFN8I1C9MnNcBKNDh7gbry1NNFn0w20zrPMgz028Va4sXz.wmv>  
SHA512 - e1e7a14ab0364798d1c526ec39330662773b70eebd3fbe6596797eb909da95c5f715acf9b18371344e700a0d1669363ef1410ad7a89049a90a68f72e030bc532

- Media (PROXYS)

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 21 de 24
	4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>			

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.0 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/f3fYNWdmxaE87ITExx0EOYwtbBd0j9QRCbUDfvgtGns6GRx6C.mp4>

SHA512 - aae1b1f2cb915ee802aca6735064731acf9997b606a8c9b6d93700c3d3d8c3c7758b92191278764d5f67fce3a958e19405d88e80d848bd5321a07c11728e4327

- Minutaxe

- 
- 00:00:01 - Asistentes : Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Interventor;Secretaria; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González,Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:58 - Silva Rego, Carmen
- 00:01:22 : 1. Declaración Institucional polo 25 de novembro, ?Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Expte 12615-224.
- 00:04:04 - Oradora invitada
- 00:15:08 - Silva Rego, Carmen
- 00:15:41 - Minuto de silencio
- 00:17:03 : 2. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 23/10/2023 ao 19/11/2023. Expte. 1575/1102.
- 00:17:17 : 3. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 23/10/2023 ao 19/11/2023. Expte. 1576/1102.
- 00:17:37 : 4. Dar conta da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de Secretario/a de Administración municipal. Expte 42478/220.
- 00:17:54 : 5. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se designa representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A. Expte 993/1102. Mocións.
- 00:18:13 : 6. Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa a adopción de medidas contra a violencia machista. Expte 4160-1101.
- 00:18:34 - Martínez Piñeiro, Ana
- 00:23:19 - Silva Rego, Carmen
- 00:23:32 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:28:17 - Silva Rego, Carmen
- 00:28:29 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:33:17 - Silva Rego, Carmen
- 00:43:02 - Martínez Piñeiro, Ana
- 00:46:48 - Silva Rego, Carmen
- 00:50:11 - Votación [9:54:01]
- 00:50:28 : 7. Moción do grupo municipal do Partido Popular con motivo da conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación de violencia contra as mulleres. Expte 4161-1101.
- 00:50:44 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2024 12:41

Páxina 22 de 24

4225-1101

CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:55:57 - Silva Rego, Carmen  
00:56:12 - Martínez Piñeiro, Ana  
01:00:48 - Silva Rego, Carmen  
01:00:51 - Iglesias González, Ana Laura  
01:05:58 - Silva Rego, Carmen  
01:06:10 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta  
01:06:25 - Silva Rego, Carmen  
01:06:31 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta  
01:09:12 - Silva Rego, Carmen  
01:14:20 - Votación [10:18:26]
- 01:14:39 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instándolle a Xunta de Galicia a dotación nos orzamentos de 2024 dunha partida específica para a implantación de gardas de 24 horas nos Xulgados de instrución de Vigo e dotación de medios persoais e materiais. Expte 4162-1101.
- 01:15:04 - Aguiar Castro, Yolanda  
01:15:08 - Silva Rego, Carmen  
01:15:19 - Aguiar Castro, Yolanda  
01:20:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:21:10 - Pérez Iglesias, Xabier  
01:26:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:26:20 - Sanchez Mendez, Luisa María  
01:30:57 - Aguiar Castro, Yolanda  
01:34:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:34:32 - Votación [10:38:25]
- 01:35:02 : 9. Moción do grupo municipal Socialista pola que se insta a Xunta de Galicia a consignar unha partida económica para a execución da ampliación do túnel de Beiramar en Vigo. Expte 4163-1101.
- 01:35:19 - Caride Estévez, María José  
01:40:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:40:36 - Pérez Iglesias, Xabier  
01:45:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:45:56 - Garrido Valenzuela, Irene  
01:50:57 - Espinosa Mangana, Elena  
01:51:11 - Caride Estévez, María José  
01:54:15 - Espinosa Mangana, Elena  
01:54:37 - Votación [10:58:31]
- 01:54:59 : 10 Moción do grupo municipal Socialista pola que se insta a Xunta de Galicia o apoio ao evento de nadal e Vigo coa convocatoria dun bono de incentivación económica. Expte 4164/1101.
- 01:55:17 - López Font, Carlos  
02:00:24 - Espinosa Mangana, Elena  
02:00:33 - Pérez Iglesias, Xabier  
02:05:43 - Espinosa Mangana, Elena  
02:05:50 - Martín Peña, José Miguel  
02:11:08 - López Font, Carlos  
02:14:22 - Espinosa Mangana, Elena  
02:14:52 - Votación [11:18:45]
- 02:15:16 : 11. Moción do grupo municipal Socialista pola que se esixe a Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de textos e materiais curriculares ao alumnado de escolaridade obrigatoria nun mínimo de 205 por alumno/a coma o Concello de Vigo. Expte 4165-1101.
- 02:15:43 - Alonso Suarez, María Olga  
02:20:47 - Espinosa Mangana, Elena  
02:20:59 - Abalde Comesaña, Filipe  
02:25:37 - Espinosa Mangana, Elena  
02:25:50 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
02:30:53 - Espinosa Mangana, Elena  
02:31:03 - Alonso Suarez, María Olga  
02:34:06 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2024 12:41

Páxina 23 de 24

4225-1101

CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 02:34:33 - Votación [11:38:23]
- 02:35:01 : 12. Formulación de rogos.  
02:35:23 - Abalde Comesaña, Filipe  
02:35:59 - Espinosa Mangana, Elena  
02:36:06 - Martín Peña, José Miguel  
02:36:30 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:36:34 : 13 . Formulación de preguntas.  
02:36:43 - Martínez Piñeiro, Ana  
02:37:02 - Espinosa Mangana, Elena  
02:37:09 - Martín Peña, José Miguel  
02:37:29 - Espinosa Mangana, Elena

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e corenta e un minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 21/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.  
am.

A PRESIDENCIA  
Elena Espinosa Mangana  
Xabier Pardo Espiñeira  
Carmela Silva Rego

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO  
  
Elena Ares Salgado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:41	Páxina 24 de 24
4225-1101	CSV: AEA64E-AFC84A-27D3CH-VYX9MY-QZFFBC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		